

Unidade 3. De fantasía

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

En tres semanas, quitáronme a venda do pé. O médico mandárame non forzalo e fíxenlle caso. Servíame de desculpa para levar o castigo sen tanta carraxe, mais o peor eran as fins de semana, que papaba sofá de pola mañá á noite. Para poder ducharme sen mollar a venda, a miña nai poñíame unha bolsa de plástico atada á perna con esparadrapo. Eu dicíalle que non me facía falta, que non suaba e que con lavarme por parroquias abundaba, pero non había maneira de convencela e arre de xuro que me tiña que duchar acotío, e acotío veña co retrouso da bolsa. Penso que esa teima ela non a tiña, coido que lla contaxiara a miña tía Oliva, que non calaba con que cheiraba á galiña e que había que ducharse, que ata aos porcos lles gusta a auga. Era o único no que levaba razón, que teño visto porcos meterse debaixo do chorro dunha mangureira e mais buscalo cando llelo cambiaban de dirección.

O día que me quitaron a venda, a miña nai díxome que aínda que puidese andar ben, iso non significaba que me levantara o castigo. Pero o caso é que, roubándolles aos días un minutíño de aquí e outro minutíño de alá, en pouco máis dun mes todo volvera á normalidade. Non digo que se esquecera, que algunha vez a miña nai miraba para min e abaneaba a cabeza, mais non se volveu falar do asunto. Incluso o meu tío Chente calaba. Despois da mirada que lle botou a miña nai cando lle viu a intención de dicir algunha babosada polo da explosión, pechou a boca.

Por esas datas, ela empezou a viaxar por causa do traballo. Viaxes breves, dun día ou dous. Ía con Gabriel visitar posibles clientes e empresas que lles tiñan que axudar non sei a que. Entre tanto, eu quedaba na casa da miña tía Oliva e de Xosé María, que é o home, e era como seguir castigado, porque tiñan medo de que me dese outra arroutada e controlaban cada segundo das miñas saídas. Non se me ocorría mencionar a Tono nin de broma, que daquela buscaban calquera escusa para terme preso.

Entre trapos e farrapos, era moi bo momento para que Marta me deixase de gustar, mais non o daba conseguido. Víaa no recreo e aí empezaba o corazón a latexar a toda máquina e a me ferveren as orellas. E non pola vergonza da explosión no xardín nin nada diso. Víñanme á cabeza as palabras de Gabriel e as do meu tío Chente, e aínda que o corpo me pedía seguir loitando e discorrer outra forma de conquistala, a cabeza avisábame: «Frea, Bieitiño; ou apetéceche volver pasar aquel canguelo?».

A esas alturas, si que me preguntei se non tería razón Lolo cando me chamaba parvo. Porque non podía ser que aínda me quedase unha migalla de esperanza. E xa postos, o lóxico era dicir: «Mira, aí quedas, que non vou andar atrás túa toda a vida». Así, con chulería. Ou que son eu?, unha mona? Mais non daba por dicilo. Ninguén podía obrigar a Marta a que lle gustase, si que é certo, pero, home, aquilo era pasarse.



Antonio YÁÑEZ CASAL

Unidade 3. De fantasía

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

1. Contesta as preguntas seguintes.

- Quen é o protagonista do relato?

Un rapaz que se chama Bieito.

- Que lle ocorría?

Que estaba mancado nun pé e ademais estaba castigado.

- De quen estaba namorado?

Dunha rapaza chamada Marta.

- Marta sentía o mesmo ca el?

Non.

2. Busca as palabras seguintes no dicionario e anota o seu significado: carraxe, acotío, arroutada e migalla.

Carraxe: profunda irritación do ánimo producida por algún suceso adverso; acotío: todos os días, de modo continuo; arroutada: axitación súbita e violenta do ánimo durante a que un perde o control de si mesmo; migalla: un pouquiño.

3. Escribe unha oración con cada unha das palabras anteriores.

Resposta libre.

4. No texto aparece a expresión «lavarse por parroquias». Que quere dicir? Escribe unha oración con ela.

Lavarse por determinadas zonas do corpo.

Unidade 3. De fantasía

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

5. Indica cal é a raíz e cal a desinencia das seguintes formas verbais.

- Bailabades → **baila -abades**
- Decidiches → **decid -iches**
- Estou → **est -ou**
- Andarás → **and -arás**
- Atopou → **atop -ou**
- Rompes → **romp -es**
- Viviremos → **viv -iremos**
- Falarán → **fal -arán**
- Estudarei → **estud -arei**
- Dependén → **depend -en**

6. Localiza no seguinte texto cinco formas verbais.



No mes de xuño a miña familia e mais eu fomos **fac**er unha excursión pola serra do Xurés. O primeiro día **cheg**amos e instalámonos nunha casa rural e andamos **pase**ando pola vila que estaba máis preto. Ao día seguinte tiñamos previsto **fac**er unha excursión. Saímos cedo e comezamos a camiñar; ao mediodía chegamos a unha aldea que **parec**ía abandonada. Alí fixemos un descanso e recollémonos da chuvia miudiña que **comez**ara a caer. De súpeto, saíunos unha muller dunha das casas. Levamos un susto monumental.

Resposta suxerida.

7. Separa agora, en raíz e desinencia, as cinco formas verbais que localizaches no exercicio anterior e escribe unha oración con cada unha.

Exemplo: pase –ando; fac –er; cheg –amos; comez –ara; parec –ía.

Resposta libre.

Unidade 3. De fantasía

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

8. Le o texto seguinte, que foi extraído da Galipedia.

O xirasol (*Helianthus annuus*) é unha planta herbácea cuxa flor ten unha cabeza tipicamente grande que roda para mirar o sol. Algunhas variedades desenvolvidas recentemente teñen cabezas decaídas. Estas variedades son menos atractivas para os xardineiros que crían as flores como ornamentos, mais atractivos para os granxeiros, porque poden reducir os danos producidos polos paxaros e as perdas por enfermidades vexetais.

As cabezas, que son na actualidade flores compostas, crecen habitualmente nun talo que pode ser de varios metros e que ten poucas follas. Os pétalos poden ser amarelos, marróns, laranxas e doutras cores.

O xirasol é nativo de América, e foi cultivado cara ao 1000 a.C. Desde aí, os españois exportárono a Europa ao principio do século XVI.

O xirasol contén até un 58% de aceite no seu froito ou aquenio. O aceite de xirasol utilízase para cocinar, aínda que non ten as características cardiosaudables do aceite de oliva. Tamén serve para producir biodiésel. As cascas e demais restos que quedan unha vez que se procesaron as sementes para o aceite utilízanse nalgunhas ocasións como alimento para a gandería.

As propias sementes véndense normalmente como aperitivo e como alimento para os paxaros.



9. Contesta estas preguntas.

- Que tipo de texto é?

Un texto científico.

- Como é o nome científico do xirasol?

Helianthus annuus.

10. Entra na páxina do xirasol na Galipedia e completa a ficha seguinte.

Reino	Plantae
División	magnoliophyta
Clase	<i>Magnoliopsida</i>
Orde	Asterales
Familia	Asteraceae
Xénero	<i>Helianthus</i>